



Para presentar as solicitudes deben empregar o procedemento PR004A da Sede Electrónica da Xunta de Galicia accedendo a esta páxina web:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

No formulario da solicitude hai que cubrir os datos de identificación e representación e completar os seguintes recadros que están en **negriña** co texto que está en cor **verde**:

No **ASUNTO RELACIONADO**: elixa a que corresponda de entre estes dous

- Solicitude de axuda ao almacenamento privado de carne de ovino e cabrún
- Solicitude de pago da axuda ao almacenamento privado de carne de ovino e cabrún

En **EXPON**: Que esta entidade está interesada neste procedemento

En **SOLICITA**: Se admita esta solicitude

En **DESTINATARIO** no primeiro cadro elixir á **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL** e no segundo cadro elixir o **FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)**.

A continuación preman no botón "**Gardar**"

Na seguinte pantalla no apartado "**Outra documentación**" adxunten o anexo de solicitude correspondente (o de axuda ou o de pago) e o aval debidamente cubertos e escaneados en formato "pdf". O aval teñen que presentalo fisicamente na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. O xustificante orixinal de telo presentado teñen que entregalo fisicamente no Servizo Territorial do Fogga.

Por último preman no botón "**Continuar**" para acceder á última pantalla do procedemento de presentación.

